



## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA INSTAR AO GOBERNO LOCAL A UN COMPROMISO FIRME CO BARRIO DE SANTA ICÍA**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para instar ao goberno local a un compromiso firma co barrio de Santa Icíá.

### **Exposición de motivos**

O barrio de Santa Icíá está a sufrir un total abandono por parte tanto do goberno local coma da Xunta de Galicia. Logo da gran fraude en torno a unha residencia de maiores, tamén padecen unha absoluta deixadez en canto a servizos de seguridade, mantemento de infraestruturas ou desbroces.

Despois dunha parálise sostida dun ano e medio, un pacto cando menos discutible afastou o proxecto de residencia de maiores do Boial, que quedará definitivamente instalada no Bertón. En diferentes sesións plenarias, todos os grupos manifestaron a necesidade pola alta demanda e unha poboación de idade avanzada media, dun centro baseado nun novo modelo de convivencia, cohousing, no Boial, que quedou nunha pequena memoria redactada por un estudo de arquitectos e unha simple declaración de intencións.

Meses despois nada se sabe nin tan sequera dun proxecto construtivo, e moito menos dunha dotación orzamentaria para edificación do mesmo. Coñecendo as fortes carencias da zona rural, a perda poboacional e falta de infraestruturas como transporte ou

iluminación pública, Ferrol en Común considera que nunca debeu desbotarse o proxecto da residencia no Boial, imprescindible para revitalizar unha zona que precisa dun estímulo público de recuperación. No entanto, unha vez pactado hai seis meses xa, que sería construído no Bertón e que este camiño xa non ten volta atrás.

Máis alá desta demanda urxente, Ferrol en Común considera que a zona rural debe ser unha prioridade e debe traballarse para dignificar a súa cidadanía e equiparala a zona urbana, considerando imprescindible o seu mantemento e mellora das infraestruturas.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Dotar unha partida orzamentaria ampla de 500.00 euros no documento de 2022 para un centro de maiores, co fin de cumprir os compromisos plenarios.
2. Asinar un contrato menor ponte en materia de desbroces, polo tempo imprescindible ata que estean rematados os trámites administrativos que configuren a cuadrilla municipal de desbroces, pactada no acordo de orzamentos entre FeC e PSOE, pois a situación é límite en moitos camiños municipais, que levan dende xuño algún deles sen ningún tipo de corte.
3. Atender as diferentes demandas de reparación no local social da AVV de Santa Icíá, referentes a limpeza de canalóns, reparación de goteiras, pintura ou arreglos na caldeira, temas non menores, pois o local actúa como eixo social vertebrador, punto de reunión e único lugar de esparcemento do barrio.
4. Aumentar a presenza policial no barrio, pois son constantes os roubos de cable e enseres nas vivendas privadas, pola proximidade de puntos de venda de droga de estupefacientes; así mesmo, necesaria para evitar a proliferación de vertedoiros incontrolados.
5. Actualizar o inventario municipal, imprescindible, non só para Santa Icíá, senón extensible a todos os barrios da cidade, pois as súas deficiencias impiden acometer obras

de reparación, reposición e mantemento, en camiños, parcelas e edificacións de titularidade municipal que adoecen de defectos rexistrados e están nun limbo administrativo.

Ferrol, 22 de novembro de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común